

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1999/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do sábado, 26 de marzo de 2022 N.º 070, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN do 07 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B).

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base 8.1, que sinala "(...)Na composición do tribunal respectarase a paridade entre homes e mulleres. Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal. Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base 8.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Lino Rico Fernández, profesor de música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Dona María Rocío Valle Fraga, Asesora Xurídica do CIM do Concello de Burela.

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa, profesora do Conservatorio de Música.

Titular: Dona María Isabel Martín Rodríguez, Traballadora Social do Concello de Cervo.

Suplente: Dona María Sonia García Rodríguez, Profesora do Conservatorio de Música.

Titular: Don Antonio Río Rodríguez, Secretario do Conservatorio de Música.

Suplente: Don Juan Carlos García Rega, Profesor do Conservatorio de Música.

SECRETARIO:



Concello de Viveiro

Titular: Don Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o mércores día 06 de abril de 2022, ás 09:00 horas**, para a súa constitución e elaboración de lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, así mesmo a valoración de méritos no caso de non existir excluídos/as na anterior lista.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

